

NOS SEUS PÉS

FESTIVAL SOLIDARIO PARA AS PERSOAS REFUXIADAS

20, 21 e 22 de outubro 2023

O Grove

NSP

QUE É NOS SEUS PÉS

É un **festival solidario** organizado por persoas do **Grove** (Pontevedra) que comparten como **obxectivo poñer en boca de todos os dereitos das persoas refuxiadas**. **Recadar fondos para colaborar economicamente con Proem-aid**, unha organización de axuda humanitaria que opera no Mediterráneo e nas Canarias.

Celébrase durante unha fin de semana na que se levan a cabo **distintas actividades gratúitas para tódolos públicos**, ademais de diversos eventos promocionais previos ao festival.



COMO SE FAI REALIDADE

Faise **grazas á contribución organizada e espontánea de moitísimas persoas**. A nivel interno o persoal vai variando segundo as necesidades e a dispoñibilidade. Estamos orgullosos de todo o traballo realizado e profundamente agradecidos a tódalas persoas que formaron, forman e formarán parte do proxecto.

Tamen contamos con:

- Aportacións económicas, materiais e servizos de **establecementos e comercios locais**.
- Colaboración con **empresas de ámbito local e nacional** na subministración de alimentos e bebidas.
- Participación solidaria de **artistas, persoal técnico, persoas voluntarias e público**.
- **Cesión de espazos públicos e infraestruturas** do Concello do Grove e de outras entidades privadas (locais, almacéns..).

PROEMAID

@proemaid


ProemAID é un **equipo español de profesionales das emerxencias** que dende 2015 **axuda de forma voluntaria** no sudeste da Illa grega de **Lesbos**. Ademais dende 2017, tamén leva o seu traballo ao **Mediterráneo Central**.



Os equipos están formados por bombeiros, mergulladores, nadadores de rescate e sanitarios que **auxilian e rescatan a persoas en grave risco no mar**. Teñen un proxecto en funcionamento, o **Proxecto Auga**, que ten como obxectivo fundamental que as **persoas que viviron unha experiencia traumática** fuxindo de conflitos **perdan o medo ao mar**.



ASÍ O PASAMOS EN NOS SEUS PÉS

Fotografías das edicións 2017, 2018, 2019 e 2022





COMO SE RECADA

Celebración de **eventos** solidarios promocionais, venda de **tapas e consumicións**, **doazóns económicas**, venda de **merchandising** propio do festival e **sorteos**. Na cuarta edición enviamos **9000€!**



QUERES COLABORAR?

Xa estamos traballando na **quinta edición**,
que terá lugar os días 20, 21 e 22 de outubro.

Contacta con nós!

nosseuspes@gmail.com

[@nosseuspes](https://www.instagram.com/nosseuspes)

640 557 021 (contacto vía WhatsApp/Telegram)

www.nosseuspes.com

